

ORGANIZACIÓN ECONÓMICA DAS SOCIEDADES




1. AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS


A actividade económica

- Actividade económica $\Rightarrow$ actividades dos seres humanos destinadas a organizar a produción, a distribución e ou consumo de bens e servizos cos que atender as súas necesidades.

■ Fases:

1. Producción
2. Comercialización ou distribución
3. Consumo





Necesidade humana: é a sensación de carencia de algo (obxecto, servizo, recurso) unida ao desexo de satisfacela, para lograr así a supervivencia ou benestar dunha persoa.

Necesidades primarias

Son as fundamentais ou imprescindibles para a supervivencia dos seres humanos.



Necesidades secundarias

Poden ser importantes para os seres humanos, pois aumentan o seu benestar, pero non son imprescindibles.



Bens: produtos ou servizos cos que as persoas satisfán as súas necesidades.

Bens materiais

Son produtos ou obxectos destinados a cubrir as necesidades dos seres humanos, son algo “concreto, que podemos ver e tocar”.



Bens inmateriais

Son servizos ou prestacións adicados a cubrir as necesidades persoais ou sociais dos seres humanos, pero non supoñen a produción dun obxecto.



Actividades de produción

Son todas as actividades humanas que teñen como finalidade a obtención de bens e servizos. Para facelo utiliza os recursos naturais e o traballo das persoas, a técnica...



Actividades de consumo

Son as actividades nas que os consumidores fan uso dos bens e servizos. A sociedade actual tende a incentivar o consumo, a crear novas necesidades chegando ao consumismo.



Actividades de distribución

Son o conxunto de actividades realizadas co obxectivo de poñer os bens e servizos a disposición dos consumidores. Os produtos póñense á venda no mercado e o consumidor os compra.



DEFINE:

- ✓ Sociedade de consumo
- ✓ Consumismo
- ✓ Consumo responsável

Producción

- **Producción de bens** ⇒ Combinación dos recursos naturais, a técnica e o traballo para obter bens ou servizos.
- TIPOS DE BENS:
 1. De **consumo ou finais** → roupa, mobles ...
 2. De **producción ou intermedios** → máquinas, ferramentas.
- **Producción de servizos** ⇒ Creación e organización de hospitais, redes de transporte, etc.



Comercialización

- Distribución e venda dos bens e servizos.
- A venda pode ser:
 1. **Por xunto** → compran grandes cantidades para vender a outros comerciantes.
 2. **Polo miúdo** → compran pequenas cantidades aos comerciantes por xunto e venden ao público.




Consumo

- Compra de bens e servizos pola poboación.
- Bens:
 - **Non duradeiros**: comida, auga...
 - **Duradeiros**: roupa, electrodomésticos, coches ...



2. FACTORES DE PRODUCCIÓN


1. Recursos naturales (materias primas)
2. Trabajo
3. Capital
4. Tecnología



Recursos naturais e materias primas

- Recursos que podemos extraer da natureza, auga, petróleo, madeira, alimentos, animais...
- Transformación, domesticación ou extracción ⇒ produción de novos bens.
- Son escasos → Necesidade de evitar a sobreexplotación.





O ser humano non debe
esgotar os recursos naturais
nin provocar desequilibrios, xa que
non só estará prexudicando á natureza,
senón que a longo prazo, prexudicarase
a si mesmo!!!





Materias primas estratéxicas:

Son as materias primas imprescindibles para o crecemento da economía dun país ou a nivel mundial, con importancia xeoestratéxica e política entre potencias. Parece que o petróleo está deixando este papel ás materias primas das novas tecnoloxías: coltán, diamantes, cobalto, platino, titanio...



Desenvolvemento sostible:

Satisfacer as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das futuras xeracións, garantindo o equilibrio entre o crecemento económico, o coidado do medio ambiente e o benestar social.

Traballo

- **Traballo:** actividade humana que serve para producir bens ou subministrar servizos útiles ás persoas.
- Tipos de **traballo:**
 - ⇒ **traballo por conta allea** (o máis habitual)
 - ⇒ **traballo autónomo**



Capital

- Tipos:
 - Capital **físico**: terreo, edificios, maquinaria, materias primas...
 - Capital **humano**: empresarios e empregados.
 - Capital **financiero**: cartos e activos financeiros (accións, bonos).



Tecnoloxía e coñecemento

- Procedementos para obter bens e servizos: manuais, mecánicos, tecnificados.
- Avances técnicos ⇒ mellora da calidade, aforro de custos, aumento da eficiencia, redución de tempo.
- Investimentos de capital, persoal cualificado, constante renovación ⇒ **Competitividade**.



3. OS AXENTES ECONÓMICOS

- **Axentes económicos:** persoas, grupos ou institucións que interveñen no funcionamento da economía (producen, intercambian, consumen).
- Tres axentes económico:
 - as **familias**,
 - as **empresas**,
 - o **Estado**.




CIRCUITO DA ECONOMÍA

O CIRCUITO ECONÓMICO

A economía de calquera territorio funciona como un circuito, no que os produtores e os consumidores se relacionan mediante o intercambio nos mercados. Esas relacións entre produtores e consumidores provocan a diario **fluxos de bens e servizos**, que se desprazan duns lugares a outros mediante o emprego de transportes. Como contrapartida, prodúcese unha corrente de **fluxos monetarios**.

a.- Completa o gráfico do **Circuíto económico** situando sobre cada frecha o “concepto” que lle corresponde, escolle cada un deses “conceptos” do listado que figura ao pé do gráfico. Podes engadir ti algún enlace máis.



- Ofrece bens e servizos ás familias,
- Pagan impostos,
- Pagan salarios,
- Contratan traballadores,
- Pagan os bens e servizos,
- Obteñen ingresos,
- Venden bens e servizos,
- Reciben infraestruturas, servizos e subvencións,
- Venden o seu traballo.

As economías domésticas

- **Familias** ⇒ axente de consumo fundamental.
- Boa parte dos seus **recursos económicos** para mercar bens e servizos.
- Ingresos familiares ⇒ salarios do traballo.




- [illegible]

- Segundo o **tamanho**:

- empresas **multinacionais**,
- empresas **medianas**,
- pequenas **empresas**.

- Segundo a **actividade**:

- sector **primario**,
- sector **secundario**
- sector **terciario**.



- Segundo a **titularidade** do capital: **públicas, privadas ou mixtas**.



O sector público ou estatal

- **Sector público:** conxunto de actividades e iniciativas económicas e sociais que realiza o Estado cos **impostos** que pagan os cidadáns e as empresas. Comprende:

- **Administración pública.**
- Promover a **actividade económica** e as **relacións sociais** entre as persoas: infraestruturas, equipamentos, obras públicas.
- Ofrecer **servizos públicos:** educación, sanidade, transportes, policía.
- Ofrecer outras **prestacións sociais:** pensións, axudas, subsidios.






revista la cultura



O círculo económico



4. SISTEMAS ECONÓMICOS

- SISTEMA ECONÓMICO: Xeito de organización dunha sociedade para producir bens e servizos, respostando: **que, como e para quen producir.**



Sistemas económicos

Escasez

Economía tradicional

Tipos

Economía Mixta

Economía de mercado

Busca encontrar un equilibrio

Economía planificada

Mercado

Capitalismo

Libertad

Socialismo

Justicia

Estado

Privado

Estatat




Economía de subsistencia

- Producción para cubrir las necesidades básicas.
- Sociedades con niveles de desarrollo muy escasos.
- Los pequeños excedentes intercámbianse o venden.
- Comunidades indígenas de América Latina, África o Asia.



Sistema capitalista: a economía de mercado

Libre competencia e propiedade privada dos medios de produción.



- O **prezo** depende da cantidade de produtos (oferta) y de compradores (demanda).
 - Oferta escasa e moitos compradores $\Rightarrow \uparrow$ prezo.
 - Moita oferta e poucos compradores $\Rightarrow \downarrow$ prezo.
- **Lei da oferta e da demanda** $\Rightarrow$ Vendedores e compradores fixan o prezo $\Rightarrow$ **punto de equilibrio**.



Economía mixta

QUE PRODUCIR?

O Estado regula que producir, e o sector privado participa activamente na economía. O sector público adícase a actividades con rendibilidade social.

COMO PRODUCIR?

O sector público atende necesidades esenciais da poboación. O sector privado actúa dacordo coa competencia.

PARA QUEN PRODUCIR?

O Estado preocúpase das necesidades da poboación menos pudiente, como saúde e educación pública, e con leis que protexan aos asalariados. O sector privado produce para os que poden pagar.

Economía planificada

O Estado é o propietario dos medios de produción.

QUE PRODUCIR?	Decisión do poder central, dacordo cunha xerarquización das necesidades dos individuos.
COMO PRODUCIR?	O organismo central optimiza os recursos e asegura a todos o traballo, realizando unha análise dos factores produtivos dispoñibles, combinándoos nun xeito que permita un aproveitamento integral deles.
PARA QUEN PRODUCIR?	Para todos. O Estado provee a baixo custo ou gratuitamente os bens de primeira necesidade.

Sistemas económicos	Países e rexións do mundo	Propiedade dos medios de produción	Obxectivo	Métodos para acadar o obxectivo
De subsistencia	En rexións illadas, selvas ou desertos	Comunal	Supervivencia do grupo (ou tribu)	Cobren as súas necesidades a partires dos recursos da súa contorna natural. Traballo directo da terra con técnicas manuais.
Socialista	Cuba, Corea do Norte, China, e outros países do SE asiático	Colectiva ou estatal.	Igualdade social. Cubrir necesidades básicas.	Planificación das actividades económicas e mecanización das tarefas.
Capitalista	Na maior parte dos países do mundo.	Privada.	Obtención de beneficios.	Organización empresarial da actividade económica. Libre competencia no mercado e constante innovación tecnolóxica para aumentar a produtividade.
Mixto (Estado social/Estado do benestar)	Europa Occidental e parte de Latinoamérica.	Privada e pública (estatal).	Beneficio social.	Libre competencia dentro dun mercado regulado e tecnificación da produción.

5. SECTORES ECONÓMICOS

- **SECTOR PRIMARIO:** Actividades que obtienen bens directamente da natureza, principalmente alimentos, fontes de enerxía e materias primas. Comprende actividades como:
 - Agricultura
 - Gandaría
 - Pesca
 - Actividades forestais
 - Minaría e actividades extractivas (aínda que estas poden incluírse no secundario)



- **SECTOR SECUNDARIO:** Transformación das materias primas e construción. Baséase na actividade industrial e distínguense dous tipos de produción:
 - As que se destinan ao consumo directo por parte da poboación: industria de bens de consumo e construción.
 - As que se destinan á produción doutros bens: produción de enerxía, industria de base e industria de bens de equipo.



- **SECTOR TERCIARIO:** é o máis heteroxéneo e numeroso dos tres. Reúne as actividades que non producen bens materiais senón servizos. Poden ser de catro tipos:
 - Servizos **sociais**: sanidade, educación, administración pública.
 - Servizos á **empresa**: asesoría, publicidade, investigación, etc.
 - Servizos **de distribución**: transportes, comunicacións, comercio.
 - Servizos **ao consumidor**: turismo (hostalaría, restauración, ocio...), cultura, reparación e mantemento, etc.



- **SECTOR CUATERNARIO:** Servizos baseados no coñecemento que prestan as tecnoloxías da información e comunicación, a consultoría empresarial, a planificación financeira, a informática e a investigación científica.

Características:

- Actividades relacionadas co coñecemento.
- Tarefas imposibles de mecanizar que buscan innovación.
- Investigación e desenvolvemento.
- Resultados que repercuten nos outros sectores (melloras da produción, xestión, modernización).
- Man de obra moi preparada e cualificada.
- Salarios altos, que o vencellan a países desenvolvidos.




TERCIARIZACIÓN DA ECONOMÍA:

Proceso polo cal o sector terciario converteuse no máis importante, tanto pola porcentaxe da poboación activa ocupada como pola súa participación no PIB (Produto Interior Bruto).

Ten que ver co aumento do nivel de vida, a tecnificación da produción industrial e a importancia da investigación científico-técnica e a innovación, e tamén pola incorporación da muller ao traballo, chegando o sector terciario a ser o de maior peso económico nos países desenvolvidos.

Evolución de la población ocupada por sectores de actividad (1900-2010)



Fuente: INE


6. ACTIVIDADES ECONÓMICAS EN EUROPA

- **SECTOR PRIMARIO:**

- 5% da poboación activa e 2% do PIB.
- Agricultura: mecanizada e produtiva. Produce cereais (trigo, cebada, millo), hortalizas, froitas, remolacha e vide. Zonas redibiles: España, Francia, Dinamarca, Italia e Países Baixos.
- Gandaría: moi produtiva e especializada. Razas seleccionadas. Gando ovino, porcino e avícola.
- Pesca: Caladoiros comunitarios esgotados. Proceso de redución da flota. Importancia en España, Irlanda, Francia, Noruega, Islandia e Dinamarca. Acuicultura (20% do total da produción pesqueira da UE): moluscos, salmón, troita.
- Minaría: Pouco rendible polo que dominan as importacións.
- Explotacións forestais: en todos os países, sobre todo no Norte.
- Retos: aumentar a produtividade e a competitividade, estabilizar mercados, asegurar o nivel de vida da poboación agraria, mellorar as condicións sanitarias e o benestar animal, garantir alimentos sans á poboación, asegurar prezos razoables compatibles cos gastos de produción.



Población ocupada en el sector primario.




Población ocupada en el sector primario por provincias.

- **SECTOR SECUNDARIO:**


- 25% da poboación activa e 35% do PIB.
- Industria pesada: siderometalurxia e maquinaria.
- Industria lixeira: automobilística, química, alimentaria.
- Dominan os intercambios entre os Estados membros.
- Exportacións a EEUU, Suiza e Rusia (maquinaria, produtos químicos e farmacéuticos, vehículos, avións), e importacións desde China, EEUU e Rusia (maquinaria, produtos enerxéticos, vehículos).
- Sector moi afectado pola crise de 2007, sobre todo a construción.
- Necesidade de competir no mercado global con innovación, cambios tecnolóxicos e formación profesional.
- Proceso de cambio no modelo enerxético: renovables, redución do consumo e da contaminación ambiental.

POBLACIÓN OCUPADA EN EL
SECTOR SECUNDARIO (En %)



*Media UE: 25 %

Fuente: Eurostat 2005





- **SECTOR TERCIARIO:**

- 70% do PIB e 70% da poboación activa.
- Na UE hai libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais.
- Comercio: UE principal exportador de mercadorías e servizos do mundo.
- Transportes: Necesidade de mellorar e homoxeneizar as interconexións entre os países membros. Problemas de conxestión, contaminación, seguridade viaria, etc.
- Turismo: Máis da metade do turismo mundial chega á UE. Necesidade de diversificar servizos e mellorar a competitividade.

VAB del sector servicios (% sobre VAB total) en regiones (NUTS 2) de Europa 2014¹²

¹² Irlanda, Noruega, Suecia, Finlandia

Letonia, Lituania, Polonia, Alemania, Holanda, República Checa,
Austria, Rumania, Croacia, Grecia, Macedonia, Italia, Francia y Portugal
Datos de 2013



Fuente: Eurostat